

**PUBLICACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO
PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCION DUNHA BOLSA DE EMPREGO
DE TRABALLADORAS/ES SOCIAIS**

Celebrado o día 19 de novembro de 2020 o primeiro exercicio, obrigatorio e eliminatorio, da oposición convocada para a constitución e funcionamento dunha bolsa de emprego para a contratación de traballadoras/es sociais no Concello de Teo, e de acordo co previsto na bases 9.1 a) e 9.2 das que rexen a convocatoria, faise **público o contido do exercicio e as respostas correctas** para a súa publicación no Auditorio Constante Liste, lugar onde se realizou o exercicio, e na páxina web municipal (www.teo.gal), concedéndose un prazo de **tres (3) días hábiles** para os efectos de **alegacións e/ou reclamacións**, prazo que se contará dende a publicación do presente nos lugares indicados, que terá lugar no día da data.

Teo, 23 de novembro de 2020

A secretaria do Tribunal

Virginia Fraga Díaz

ANEXO

EXAME TIPO TEST. BOLSA TRABALLADOR/A SOCIAL

1- A vixente Constitución Española (marque a resposta correcta):

- a) **Ocúpase no seu título IV do Goberno e da Administración.**
- b) Ten 175 artigos.
- c) É de 16 de outubro de 1974.
- d) Ocúpase no seu título IV do Poder Xudicial.

2- A vixente Constitución Española reconece no seu artigo 15:

- a) O dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.
- b) A igualdade ante a lei dos españois.
- c) O dereito de reunión pacífica e sen armas.
- d) O dereito á vida e á integridade física e moral.**

3- O Estatuto de Autonomía de Galicia (sinale a resposta correcta):

- a) É una lei orgánica aprobada polo Parlamento Galego.
- b) É un Real Decreto Lei aprobado polo Congreso dos Deputados.
- c) É unha lei orgánica aprobada polas Cortes Xerais.**
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

4- Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, a Xunta:

- a) Responde politicamente ante as Cortes Xerais de forma solidaria.
- b) É o órgano colexiado de Goberno de Galicia.**
- c) Está composta polo presidente e, no seu caso, os conselleiros, como máximo dez.
- d) Cesa unicamente trala celebración de eleccións.

5- Segundo a vixente Constitución Española (marque a resposta correcta):

- a) Non se poderán crear agrupacións de municipios diferentes das provincias.
- b) A provincia é unha entidade local territorial sen personalidade xurídica propia.
- c) O estado organízase territorialmente en municipios, en illas, en entidades locais non territoriais e en Comunidades Autónomas.
- d) Non se admite a federación de Comunidades Autónomas.**

6- Segundo o artigo 138 da Constitución Española, as diferenzas entre os Estatutos das distintas Comunidades Autónomas:

- a) Poderán dar lugar a privilexios económicos, pero non sociais.
- b) Non poderán implicar, en ningún caso, privilexios económicos e sociais.**
- c) Poderán dar lugar a privilexios sociais, pero non económicos.

d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

7- Segundo a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

a) Son elementos do municipio o territorio, a poboación e as competencias.

b) O municipio non ten personalidade xurídica.

c) O municipio é a entidade local básica da organización territorial do Estado.

d) O municipio ten personalidade xurídica cando así o determine a provincia á que pertence.

8- Segundo a Lei 7/1985, de 2 de abril, a poboación do municipio é:

a) As persoas que vivan no municipio, estean ou non inscritas no Padrón municipal.

b) Os que residan no municipio.

c) O conxunto de persoas inscritas no Padrón municipal.

d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

9- Sinale a resposta incorrecta. A organización provincial responde ás seguintes regras:

a) O presidente e a Xunta de Goberno existen en todas as Deputacións.

b) En todas as Deputacións existen órganos que teñen por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñen que ser sometidos á decisión do Pleno.

c) O Pleno da Deputación está constituído polo presidente e os Deputados designados por este.

d) O Pleno existe en todas as Deputacións.

10- Cal das seguintes non é unha das competencias propia da Deputación:

a) A coordinación dos servizos municipais entre si.

b) A prestación de servizos públicos supramunicipais.

c) Asistencia na prestación dos servizos de xestión da recadación tributaria.

d) A prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes.

11- Segundo o artigo 73 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os grupos políticos:

a) Recibirán una dotación económica sempre que así o acorde o presidente da Corporación.

b) A dotación económica que reciban non terá en conta o número de membros dos grupos políticos.

c) Deberán levar unha contabilidade específica da dotación económica asignada, no seu caso, polo Pleno.

d) Poden destinar a dotación económica á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

12- As normas previstas no título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, serán de aplicación:

a) Aos municipios cuxa poboación supere os 250.000 habitantes.

b) Aos municipios que determina o artigo 120 da Lei 7/1985.

c) Aos municipios que sexan capitais de provincia, sempre que a súa poboación supere os 300.000 habitantes.

d) Aos municipios cuxa poboación supere os 75.000 habitantes, que presenten circunstancias culturais especiais.

13- Os órganos colexiados das entidades locais funcionan en réxime de:

a) Sesións ordinarias, cada dous meses, extraordinarias, cada mes, e extraordinarias urxentes.

b) Sesións ordinarias de periodicidade preestablecida e extraordinarias, que poden ser, ademais, declaradas de emerxencia.

c) Sesións ordinarias, cada mes, e extraordinarias, cando as circunstancias así o esixan, con un máximo de 4 ao ano.

d) Sesións ordinarias de periodicidade preestablecida e extraordinarias, que poden ser, ademais, urxentes.

14 - Tratándose dos órganos colexiados dun municipio non incluído no título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, cal das seguintes afirmacións é correcta:

a) As sesións do Pleno son públicas, salvo que afecten ao dereito fundamental recollido no artigo 14 da Constitución Española.

b) As sesións da Xunta de Goberno Local non son públicas.

c) As sesións do Pleno son públicas, ou non, en función do que decida a Xunta de Portavoces.

d) As sesións das Comisións informativas serán públicas ou secretas en función do que decidan os membros des mesmas.

15 - O procedemento de aprobación das ordenanzas locais:

a) Esixe unha información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de un mes.

b) Atópase regulado exclusivamente nos artigos 133 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

c) Require unha aprobación inicial polo alcalde e unha aprobación definitiva polo Pleno da Corporación.

d) Regúlase no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

16- Nas súas relacións coas Administracións Públicas, as persoas físicas non son titulares do seguinte dereito:

a) Ao acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 3/2019, de acceso á información pública.

b) A ser asistidos no uso de medios electrónicos.

c) A esixir as responsabilidades das Administracións Públicas e autoridades, cando así corresponda legalmente.

d) Á protección de datos de carácter persoal.

17- De acordo co artigo 4 do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, nas decisións en materia de seguridade, cal dos seguintes principios básicos deberá terse en conta:

- a) Seguridade potencial.
- b) Evacuación periódica.
- c) Xestión de defensa.
- d) Liñas de defensa.**

18- Terán a consideración de copia auténtica dun documento público administrativo ou privado as realizadas polos órganos competentes das Administracións Públicas nas que quede garantida:

- a) A identidade e a veracidade do documento.
- b) A integridade e a identidade do documento.
- c) A interoperabilidade e a autenticidade do documento.
- d) A identidade do órgano que realizou a copia e o seu contido.**

19- De acordo co artigo 14 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o dereito de acceso á información pública poderá ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para:

- a) A seguridade nacional.**
- b) A política social.
- c) As Administracións Públicas.
- d) O segredo da interoperabilidade.

20- Tratándose do procedemento para o exercicio do dereito de acceso á información pública, cal das seguintes afirmacións é verdadeira:

- a) O solicitante está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información.
- b) A ausencia de motivación será por si sola causa de rexeitamento da solicitude.
- c) Poderanse inadmitir as solicitudes que se refiran a información que estea en curso de elaboración ou de publicación xeral.**

d) A resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse ao solicitante no prazo máximo de 15 días desde a recepción da solicitude.

21- O acceso á información pública realizarase:

- a) Unicamente de forma presencial nas dependencias do órgano administrativo que custodie a información.
- b) Unicamente por vía electrónica.
- c) Preferentemente por vía electrónica, salvo cando non sexa posible.**
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

22- Se a información pública solicitada ao amparo da Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, contivera datos especialmente protexidos:

- a) Autorizarse o acceso en todo caso.
- b) O acceso só se poderá autorizar en caso de que se conte co consentimento expreso do afectado.**
- c) Denegarse o acceso.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

23- Segundo o artigo 35 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, os actos administrativos serán motivados:

- a) Cando o acorde motivadamente o órgano competente.
- b) Cando limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos.**
- c) Cando se diten no exercicio de potestades regradas.
- d) Cando acorden a aplicación da tramitación de emerxencia.

24- Tratándose dos actos administrativos, cal das seguintes afirmacións é falsa:

- a) Produciranse por escrito a través de medios electrónicos.
- b) Presumiranse válidos e producirán efectos desde a data na que se diten.
- c) Nunca se lles poderá outorgar eficacia retroactiva.**
- d) As notificacións practicaranse preferentemente por medios electrónicos.

25- Os actos administrativos serán obxecto de publicación:

- a) Cando teñan por destinatarios unha pluralidade concreta ou indeterminada de personas.
- b) Cando o aconsellen razóns de interese público apreciadas polos interesados.
- c) Cando se trate de actos integrantes dun procedemento de revisión de oficio.
- d) Cando así o establezan as normas reguladoras de cada procedemento.**

26 - A execución forzosa polas Administracións Públicas efectuarase, entre outros, polo seguinte medio:

- a) Apremio sobre o patrimonio, cando se trata de actos que, por non ser persoalísimos, poidan ser realizados por persoas distintas do obrigado.
- b) Compulsión sobre as persoas, cando se trate de actos de carácter pecuniario.
- c) Execución subsidiaria, cuando en virtude do acto administrativo tivera que satisfacerse unha cantidade líquida.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.**

27- Son nulos de pleno dereito os actos das Administracións Públicas:

- a) Que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico.
- b) Ditados por órgano manifestamente incompetente por razóns de xerarquía.
- c) Que teñan un contido imposible.**
- d) Que lesionen os dereitos e liberdades recollidos no Título II da Constitución.

28- As Administracións Públicas poderán convalidar:

- a) Os actos ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido.
- b) Los actos que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, salvo a desviación de poder.
- c) Os actos nulos, previa revisión de oficio destes.
- d) Os actos anulables, subsanando os vicios de que adolezan.**

29- A tramitación simplificada do procedemento administrativo:

- a) Pódeas acordar a Administración Pública, unicamente de oficio, cando o estime convinte.
- b) Non a contempla a Lei 39/2015.
- c) Poderana acordar as Administracións Públicas cando a falla de complexidade do procedemento así o aconselle.**
- d) Non se pode aplicar nos procedementos de natureza sancionadora.

30- As Administracións Públicas poderán revogar os seus actos:

- a) En calquera momento, incluso cando tivera transcorrido o prazo de prescrición.
- b) Cando se trate de actos favorables.
- c) Cando a revogación non sexa contraria ao principio de igualdade.**
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

31- A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala:

- a) Unicamente nos procedementos iniciados de oficio.
- b) Unicamente nos procedementos iniciados a solicitude do interesado.
- c) En tódolos procedementos, salvo nos de desistimento da solicitude polo interesado.
- d) Salvo nos supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio.**

32- Segundo a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas:

- a) Non poñen fin á vía administrativa as resolucións dos recursos de alzada.
- b) Contra as disposicións administrativas de carácter xeral, caberá recurso de reposición.
- c) É causa de inadmisión dun recurso administrativo a falla de lexitimación do recorrente.**
- d) A interposición de calquera recurso suspende a execución do acto impugnado.

33- Tratándose do recurso potestativo de reposición, cal das seguintes afirmacións é falsa:

- a) O prazo para a interposición do recurso é de un mes se o acto fora expreso.
- b) O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será de un mes.
- c) Interponse ante o órgano superior xerárquico do que ditou o acto recorrido.**
- d) Contra a resolución dun recurso de reposición non poderá interperse de novo dito recurso.

34- O principio xeral da profesión de traballador/a social polo cal se esixe recoñecer o valor da persoa destinataria non como obxecto senón como suxeito activo no proceso de intervención coa intencionalidade de dereitos e deberes, é:

- a) Personalización.**
- b) Individualización.
- c) Dignidade.
- d) Ausencia de xuízos de valor.

35- Cal dos seguintes é un dereito ou deber da profesional do Traballo Social en relación coas institucións segundo o recollido no vixente Código Deontolóxico da profesión?

- a) Cando un/unha profesional do Traballo Social coñeza que outro/a colega incumpre as normas do presente Código Deontolóxico debe comunicalo por escrito á organización colexial correspondente.
- b) A persoa profesional do Traballo Social, ao informar con regularidade da súa actividade aos responsables da entidade onde preste os sus servizos, fágao dentro dos límites compatibles coa confidencialidade, o segredo profesional e os principios básicos da profesión.**
- c) A persoa profesional del Traballo Social avalíe con criterios obxectivos e rigorosos e de maneira leal a respectuosa tanto o seu traballo como o que lle corresponde facer en equipo.

d) A persoa profesional do Traballo Social procurará o desenvolvemento de procedementos para que a persoa usuaria teña un comportamento adecuado na relación profesional baseada no respecto mutuo.

36- A participación da persoa profesional do Traballo Social nos procesos de planificación e supervisión, forman parte:

- a) Do enfoque sistémico.
- b) Da intervención individualizada.
- c) Da intervención directa.
- d) Da intervención indirecta.**

37- O Método Básico en Traballo Social, caracterízase por:

- a) O artellamento do proceso de intervención en etapas.**
- b) O manexo de técnicas de administración e planificación.
- c) A importancia que se dá á cuestión dos valores e os recursos dispoñibles.
- d) A contraposición teoría-práctica.

38- A actual redacción da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local recolle como competencias propias do municipio:

- a) Prestación dos servizos sociais e de promoción e inserción social.
- b) Asistencia social de atención primaria.
- c) Servizos sociais comunitarios básicos.
- d) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.**

39- Cal das seguintes competencias poderán delegarse nos municipios cando isto supoña evitar duplicidades, mellorar a transparencia e o servizo á cidadanía:

- a) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero.
- b) Creación, mantemento e xestión das escolas infantís de educación de titularidade pública de primeiro ciclo de educación infantil.
- c) Realización de actividades complementarias nos centros docentes.
- d) Todas as respostas son correctas.**

40- No é un principio do sistema galego de servizos sociais:

- a) **Dereito aos servizos sociais.**
- b) Prevención.
- c) Responsabilidade pública.
- d) Equidade e equilibrio territorial.

41- Os programas e actividades para previr a exclusión de grupos vulnerables de características homoxéneas e facilitar a súa inserción e normalización social, son un tipo de:

- a) Servizos sociais especializados.
- b) Servizos sociais comunitarios básicos.
- c) **Servizos sociais comunitarios específicos.**
- d) Servizos sociais comunitarios especializados.

42- Segundo o recollido no artigo 62 da Lei de servizos sociais de Galicia, os concellos poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados:

- a) En ningún caso.
- b) Só se os prestan as deputacións provinciais ou un agrupamento de concellos.
- c) **Unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias establecidas na lei.**
- d) Só se o municipio presenta superávit.

43- Os datos de execución do ano 2018 poñen de manifesto que porcentualmente o cofinanciamento establecido polo Plan Concertado respecto da súa posta en marcha en 1988, presenta:

- a) Un incremento da participación da administración xeral do estado.
- b) **Un incremento da participación das comunidades autónomas.**
- c) Unha diminución da participación dos concellos.
- d) Unha diminución da participación das corporacións locais.

44- O Programa de Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios da Deputación Provincial da Coruña, non financia o seguinte persoal:

- a) **Persoal profesional de referencia dos servizos sociais comunitarios, traballador/a social.**
- b) Persoal administrativo do grupo C1 e C2.
- c) Persoal técnico A1 e A2.
- d) Persoal auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar.

45- Entre os contidos do programa básico de inserción social dos servizos sociais comunitarios está:

- a) Proporcionar información, orientación, asesoramento e acompañamento ás persoas, ás familias e aos grupos sociais.
- b) A intervención básica de traballo social de caso e grupos, de acordo cos dereitos sociais, necesidades, demandas e recursos dispoñibles.
- c) Dar apoio a aquelas unidades de convivencia voluntaria con funcións análogas á familiar, sempre que favorezan a autonomía e a integración social das persoas que as constitúen.
- d) **Detectar e valorar situacións de persoas, grupos ou áreas territoriais en situación e risco de exclusión.**

46- Segundo o artigo 62 do Decreto 99/2012 en cal dos seguintes programas e servizos poderá aplicarse copagamento:

- a) Servizo de educación e apoio familiar.
- b) Servizos sociais específicos de apoio psicosocial e familiar vinculado á atención temperá.
- c) **Servizos de atención da primeira infancia en centros e instalacións municipais que posibiliten a conciliación da vida laboral e familiar.**
- d) Ningunha resposta é correcta.

47- Segundo recolle a Lei de servizos sociais poderán ser obxecto de concerto social:

- a) A reserva e ocupación de prazas para uso exclusivo das persoas usuarias de servizos sociais ou os colectivos vulnerables, cuxo acceso sexa

autorizado polas administracións públicas mediante a aplicación dos criterios previstos na normativa das administracións competentes.

- b) A xestión integral de prestacións técnicas, tecnolóxicas, de servizos, programas ou centros.
- c) a) e b) son correctas.**
- d) Ningunha é correcta.

48- O réxime de autorización, acreditación e inspección regulado no Decreto 254/2011 non é de aplicación a:

- a) Servizos sociais comunitarios dos concellos de Galicia.
- b) Centros de día do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.
- c) Residencias privadas de maiores de Galicia.
- d) Unidades de tratamento do alcoholismo do SERGAS.**

49- Indica a resposta incorrecta. Os datos contidos no RUEPSS:

- a) Incluirán datos identificativos da entidade.
- b) Non terán por que estar completos pero si deben ser veraces e responder fielmente á realidade.**
- c) Incorporarán información sobre as áreas estratéxicas de desenvolvemento das actividades e formas de prestación dos servizos.
- d) Incluirán datos sobre o historial dos procedementos de rexistro, autorización, acreditación e sanción.

50- Cales das seguintes atencións e servizos complementarios pode incorporar o servizo de axuda no fogar unha vez garantido o nivel básico de atención, segundo o disposto no Decreto 99/2012:

- a) Acompañamento, préstamo de axudas técnicas, enfermaría e podoloxía.
- b) Podoloxía e fisioterapia.**
- c) Terapia ocupacional e enfermaría.
- d) Préstamo de axudas técnicas, adaptacións funcionais do fogar e pequenas reparacións.

51- Cal das seguintes opcións é correcta no que atinxe á ratio de persoal técnico coordinador do servizo de axuda no fogar:

- a) Menos de 50 persoas usuarias, 0,2 profesionais a xornada completa por persoa usuaria.
- b) De 50 a 100 persoas usuarias, 1 profesional a xornada completa.
- c) De 100 a 199 persoas usuarias, 2 profesionais a xornada completa.**
- d) 200 ou máis persoas usuarias, 3 profesionais a xornada completa.

52- No acceso en libre concorrència ao SAF, será de aplicación o seguinte:

- a) As solicitudes deberán ser valoradas en todo caso por un traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do concello que emitirá informe preceptivo e vinculante.**
- b) Non poderá iniciarse expediente de oficio.
- c) As persoas con dependencia recoñecida terán sempre preferencia.
- d) Os servizos sociais do concello determinarán, sen necesidade de acordo da persoa usuaria, as condicións de prestación unha vez concedido o servizo.

53- Segundo o recollido no Regulamento do SAF do Concello de Teo corresponde á traballadora social coordinadora que se sitúe no segundo nivel, sexa propia ou da entidade adxudicataria do servizo:

- a) Emitir informe social preceptivo con proposta específica de atención, intensidade e nivel de participación no pagamento.
- b) Asignación e supervisión de tarefas ás auxiliares do SAF.**
- c) Realizar as xestións e tarefas necesarias para a consecución doutros servizos e prestacións nos casos nos que sexa oportuno.
- d) Proporcionar orientación nas actividades da vida cotiá coa fin de favorecer a normalización do funcionamento do fogar.

54- Cal das seguintes afirmacións non é correcta en relación ao SAF do Concello de Teo:

- a) O horario mínimo de funcionamento será o comprendido entre as 8:00 e as 20:00 horas.**

- b) As persoas con PIA de axuda no fogar terán dereito ao servizo todos os días do ano.
- c) As persoas e unidades familiares nas que se valora indicado o servizo, recibirán por norma xeral o servizo de luns a venres excepto días festivos, así como o 24 e 31 de decembro.
- d) Atendendo á prescrición técnica da traballadora social dos servizos sociais comunitarios, o SAF básico poderá prestarse en días diferentes ao previsto con carácter xeral.

55- As persoas usuarias do SAF do Concello de Teo na modalidade de prestación básica aboaran unha taxa conforme ao seguinte:

- a) Será gratuíta para persoas con ingresos inferiores ou iguais ao 60% do IPREM.
- b) Será gratuíta para persoas con ingresos inferiores ou iguais ao 80% do IPREM.**
- c) Será gratuíta para persoas con ingresos inferiores ou iguais ao 100% do IPREM.
- d) Será gratuíta para persoas con ingresos inferiores ou iguais ao 120% do IPREM.

56- Aos concellos correspóndelle dentro dos niveis de protección do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia definidos na Lei 39/2006:

- a) O nivel mínimo de protección.
- b) O nivel de protección que se acorde entre a administración do estado e o propio concello.
- c) O nivel adicional de protección.
- d) A Lei 39/2006 non lle atribúe competencia directa aos concellos na garantía de ningún dos niveis de protección definidos nesta.**

57- O requisito de residencia durante 5 anos no territorio español para ser titular dos dereitos establecidos na Lei de promoción da autonomía e atención á dependencia, no caso de menores de 5 anos:

- a) Non lle é esixible.

b) Esíxeselle só os dous anos inmediatamente anteriores.

c) Esíxeselle a quen exerza a súa garda e custodia.

d) Esíxeselle a quen exerza a súa garda e custodia, pero só no que se refire aos dous anos inmediatamente anteriores.

58- Quen dita resolución relativa ao grao de dependencia?:

a) O Órgano de Valoración e Asesoramento da Dependencia da xefatura territorial correspondente.

b) A persoa titular do departamento territorial da consellería con competencia na materia de servizos sociais.

c) O Órgano de Coordinación da Dependencia da consellería con competencia en materia de servizos sociais.

d) A persoa titular do departamento autonómico con competencia en materia de servizos sociais.

59- A efectividade do dereito ás libranzas producírase, sempre que xa fora implantado o grao e nivel de dependencia recoñecido:

a) A partir da data na que se recoñeza o grao de dependencia.

b) Desde a data en que se recoñeza a concreta prestación.

c) Desde o día seguinte á data en que se cumpra o prazo máximo de tres meses desde a solicitude sen que se notificase a resolución expresa de recoñecemento da prestación.

d) Desde o día primeiro do mes seguinte a aquel no que se recoñeza a prestación, aínda cando se cumprisen os requisitos esixidos para cada tipo de libranza.

60- Con cal dos seguintes servizos que forman parte das prestacións de atención á dependencia se corresponde a seguinte descrición feita na Orde de 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2015, “desenvolver e manter a capacidade persoal de controlar, afrontar e tomar decisións acerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias propias e facilitar a execución das actividades básicas da vida diaria, de xeito que todas as persoas poidan levar unha vida o máis autónoma posible”:

- a) **Servizo de promoción da autonomía persoal.**
- b) Servizo de habilitación e terapia ocupacional.
- c) Servizo de atención temperá.
- d) Servizo de estimulación cognitiva.

61- Indica a resposta incorrecta para o servizo non intensivo de axuda no fogar:

- a) Esta condición quedará fixada no PIA e suporá a compatibilidade con outros servizos ou libranzas.
- b) Para o grao III de dependencia será de 35 horas ao mes.
- c) **Para o grao II de dependencia será de 20 horas ao mes.**
- d) Para o grao I de dependencia será de 10 horas ao mes.

62- Segundo o establecido na Lei de inclusión social de Galicia, cal dos seguintes criterios debe darse sempre para considerarse que existe unha situación ou risco de exclusión social:

- a) Estar en proceso de rehabilitación social.
- b) Ser unha persoa sen fogar ou habitar unha infravivenda.
- c) Pertencer a unha minoría étnica.
- d) **Verificarse a ausencia ou déficit grave de recursos económicos.**

63- Cal das seguintes non é unha función dos equipos técnicos de inclusión sociolaboral:

- a) Desenvolver itinerarios de inserción para persoas non perceptoras de RISGA en situación de risco de exclusión social.
- b) Coordinar axentes sociais, servizos públicos, departamentos administrativos e entidades do seu ámbito territorial que incidan en aspectos relevantes para a consecución da inclusión social das persoas que teñen encomendadas.
- c) Dinamización social e comunitaria nas zonas de intervención.
- d) **Elaboración e seguimento dos proxectos de integración social e de integración sociofamiliar.**

64- O acordo para a integración socioeducativa das persoas menores vinculado á RISGA:

- a) Deberá realizarse sempre que existan menores na unidade de convivencia.
- b) Establecerá obxectivos medibles e revisables.**
- c) Os servizos sociais comunitarios realizarán o seguimento principalmente a través do servizo de axuda no fogar.
- d) Aínda que non servirá para fundamentar modificacións da prestación si deberá ter seguimento regular que se documentará.

65- “A certificación acreditativa da situación de risco ou exclusión social que resulte preceptiva para a incorporación prioritaria aos programas de fomento do emprego e empresas de inserción social que se determine regulamentariamente” é unha competencia que corresponde a:

- a) Concellos.**
- b) Departamento da Xunta de Galicia con competencia en materia de servizos sociais.
- c) Oficinas de Inclusión Social do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.
- d) É unha competencia que pode exercer calquera destas entidades.

66- Marca a resposta correcta no relativo ás prestacións municipais de emerxencia social do Concello de Teo para a cobertura de necesidades básicas:

- a) Van dirixidas á cobertura de alimentación, vestido, coidados básicos da unidade de convivencia, mantemento da vivenda e subministros desta.
- b) Establece un límite de ingresos que pon en relación o número de membros e ao SMI.
- c) No cálculo dos ingresos da unidade de convivencia poderá descontarse o alugueiro ou hipoteca até o límite establecido na norma municipal.**
- d) O seu abono realizarase con pagos directos á persoa que deberá xustificar nos dous meses posteriores á concesión.

67- Cal das seguintes afirmacións non resulta correcta no que respecta ao complemento de alugamento da RISGA:

- a) **En calquera caso o contrato deberá estar a nome da persoa beneficiaria da RISGA.**
- b) Non é aplicable se o contrato é inferior a un ano de duración.
- c) Non é aplicable se o gasto por este concepto é inferior ao 40% dos ingresos totais da unidade de convivencia.
- d) A contía a recoñecer pode variar en función de quen conforme a unidade familiar.

68- Sinala a resposta correcta no que respecta ás revisións anuais do tramo persoal e familiar da RISGA:

- a) Non se realizarán cando se trate de situacións de exclusión de carácter permanente.
- b) **Verificará a efectiva vinculación cos servizos sociais nos termos e compromisos establecidos nos proxectos de referencia para o caso.**
- c) As unidades técnicas-administrativas encargaranse de realizar os informes sociais ao respecto.
- d) A persoa beneficiaria non terá que achegar documentación complementaria, simplemente facilitar a elaboración do informe social de seguimento.

69- Son requisitos xerais de acceso ás axudas de inclusión social:

- a) Ser maior de idade e estar empadroad/a nun concello de Galicia.
- b) **Ser maior idade, estar empadroad/a e ter residencia constatada polo/a traballador/a social de referencia nos servizos sociais comunitarios básicos en calquera concello de Galicia.**
- c) Ser maior de 21 anos, estar empadroad/a e ter residencia constatada polo/a traballador/a social de referencia nos servizos sociais comunitarios básicos en calquera concello de Galicia.
- d) Ter máis de 21 anos e residencia efectiva e constatada polo/a traballador/a social de referencia dos servizos sociais comunitarios e estar empadroad/a en calquera dos concellos de Galicia, polo menos durante os seis meses anteriores á presentación da solicitude.

70- Segundo o establecido na Lei 3/2011, para a determinación da familia numerosa, ten a consideración de fillo ou filla:

- a) **O concibido ou concibida achegando certificación médica que acredite o embarazo.**
- b) O concibido ou concibida a partir da semana 14 de embarazo, achegando certificación médica que acredite esta condición.
- c) O concibido ou concibida a partir da semana 20 de embarazo, achegando certificación médica que acredite esta condición.
- d) O concibido ou concibida a partir da semana 40 de embarazo, achegando certificación médica que acredite esta condición.

71- Cal dos seguintes non é un elemento das familias monoparentais de acordo coa definición dada pola Lei de apoio á familia e convivencia de Galicia:

- a) Un/unha único/a proxenitor/a que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal.
- b) **A patria potestade sexa exercida só por unha persoa adulta.**
- c) Cando os fillos e fillas menores conviventes estean a cargo.
- d) Que o outro/a proxenitor/a non contribúa economicamente ao sustento dos/das fillos/as.

72- Segundo a Lei de protección do menor, a resolución de formalización do acollemento familiar acompañarase dun documento anexo que recollerá:

- a) A compensación económica e outras axudas que corresponda en función de se se trata dun acollemento en familia extensa ou en familia allea.
- b) A compensación económica establecida para cada tramo de renda familiar en función dos ingresos que resulten do cálculo de recursos da nova unidade de convivencia.
- c) **A compensación económica, apoios técnicos e outro tipo de axudas que, no seu caso, vaian a recibir as persoas acolledoras.**
- d) En ningún caso procede establecer compensacións económicas no marco dun acollemento familiar.

73- Os programas de preparación para a vida independente:

- a) Estarán especialmente dirixidos a menores baixo medida de acollemento en familia allea.
- b) Implementaranse dende que dea inicio o acollemento e até que se acade a maioría de idade.
- c) Poderán continuar dando protección unha vez cumprida a maioría de idade, sempre que a persoa o necesite, co compromiso de participación activa e aproveitamento por parte desta.**
- d) Todas as respostas son correctas.

74- No caso de situacións de desprotección de menores que son obxecto da intervención por parte dos servizos sociais comunitarios municipais, o servizo que presta especial atención a estas situacións é:

- a) Servizo de atención temperá.
- b) Servizo de axuda no fogar.
- c) Gabinetes de orientación familiar.
- d) Ningunha resposta é correcta.**

75- Correspóndelle aos municipios en relación á situación de risco de desatención das persoas menores:

- a) A prevención.
- b) A apreciación.
- c) A intervención.
- d) Todas as respostas son correctas.**

76- Sinala cal das seguintes modalidades non se corresponde con unha das tipoloxías que poden empregar as persoas con discapacidade para exercer o seu dereito ao traballo:

- a) Emprego autónomo.
- b) Emprego para a diversidade funcional.**
- c) Emprego protexido, en centros especiais de emprego e en enclaves laborais.
- d) Emprego ordinario, nas empresas e nas administracións públicas, incluído os servizos de emprego con apoio.

77- A teor do disposto na Estratexia española sobre discapacidade 2012-2020 a Convención de Nova York sobre dereitos das persoas con discapacidade, non:

- a) **Defende o modelo médico-asistencial.**
- b) Supón superar a preocupación en materia de benestar social.
- c) Consagra o modelo de dereitos humanos.
- d) Recoñece que as barreiras e os prexuízos da sociedade constitúen en si mesmo unha discapacidade.

78- Dentro da Rede Galega de Atención Temperá, corresponde á consellería competente en materia de servizos sociais:

- a) O apoio á familia nas eventuais transicións desde o hospital ao domicilio familiar ou lugar de residencia habitual.
- b) **O apoio á familia no proceso de atención temperá no ámbito comunitario mediante os centros e programas de desenvolvemento infantil e atención temperá.**
- c) A atención educativa das necesidades específicas de apoio educativo.
- d) Todas as competencias descritas están atribuídas á área de servizos sociais.

79- Para ser persoa usuaria do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, é necesario cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter recoñecida a situación de dependencia en grao III, ou ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 75%.
- b) Ter recoñecida a situación de dependencia en calquera dos seus graos, ou ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 75% e dificultade para o uso de transportes colectivos.
- c) **Ter recoñecida a situación de dependencia en calquera dos seus graos, ou ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 75%.**
- d) Ter recoñecida a situación de dependencia en grao II e III, ou ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.

80- As teorías sociolóxicas sobre o envellecemento formulan que:

- a) O envellecemento baséase nas alteracións fisiolóxicas e dos mecanismos biolóxicos.
- b) O proceso de envellecemento asóciase a un declive e unha maior frecuencia de enfermidades.
- c) Concíbese o envellecemento como unha etapa de deterioración continua.
- d) O envellecemento produce unha desvinculación do individuo coa sociedade, así como un proceso de certo illamento.**

81- Tendo en conta que a organización de boas prácticas en materia de envellecemento activo se organiza en; preparación á xubilación e xestión da idade, participación social, e vida autónoma e independente. Cal das seguintes propostas se corresponde con este último ámbito:

- a) Envellecer en positivo: o fomento da saúde, a prevención de enfermidades e o aumento ao máximo da autonomía.
- b) Envellecer no meu contorno: contornos, produtos e servizos que empoderan ás persoas a medida que envellecen.
- c) Non discriminación e igualdade de oportunidades.
- d) Todas as expostas son boas prácticas en materia de promoción da vida autónoma e independente.**

82- Respecto do Servizo de Xantar na Casa, escolle a resposta correcta:

- a) É un servizo aberto a toda a poboación de 60 e máis anos de idade.
- b) O seu custo é asumido a partes iguais pola persoa usuaria, o concello de referencia e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
- c) Inclúe o empréstito de microondas e/ou de frigorífico se a persoa beneficiaria non dispón del ou non reúne condicións necesarias.**
- d) Os menús entréganse semanalmente e inclúen menú para os xantares e ceas dos días correspondentes.

83- O complemento para titulares dunha pensión non contributiva que residan nunha vivenda alugada:

- a) É unha axuda que se convoca anualmente pola Xunta de Galicia.

- b) Recíbese a través de pagamentos mensuais coincidentes coa prorrata da contía anual concedida.
- c) A persoa beneficiaria non debe ter coa arrendadora relación conxugal ou de parentesco até o 3º grao nin constituír con aquela unión estable e de convivencia análoga á conxugal.**
- d) Computa como renda ou ingreso a efectos de determinar o mantemento do dereito á pensión.

84- A autorización de residencia temporal por razóns de arraigo pode ser por:

- a) Arraigo laboral ou social.
- b) Arraigo laboral, social ou familiar.**
- c) Arraigo laboral ou por razóns humanitarias.
- d) Arraigo social ou por protección internacional.

85- No caso da Comunidade Autónoma Galega, os concellos son responsables da emisión dos seguintes informes relativos á situación de persoas estranxeiras:

- a) Informes de esforzo de integración.
- b) Informes de arraigo.**
- c) Informes de escolarización de menores.
- d) Todas as respostas son correctas.

86- Segundo a Lei de galeguidade, non ostentan a condición de persoa cidadá galega residente fóra de Galicia:

- a) As persoas estranxeiras nadas en Galicia e residentes noutras comunidades autónomas do Estado español.**
- b) As persoas españolas nadas en Galicia e residentes noutras comunidades autónomas do Estado español.
- c) As persoas descendentes de persoas españolas nadas en Galicia e residentes noutras comunidades autónomas do Estado español.
- d) Todas son consideradas persoas cidadás galegas residentes fóra de Galicia.

87- Que é o Programa Acougo?

- a) **O protocolo xeral para traslados e ingresos non voluntarios e urxentes de persoas con enfermidade ou trastorno mental.**
- b) Un programa que proporciona atención para a prevención do suicidio.
- c) Un programa de seguimento das persoas que presentan antecedentes de saúde mental a través das unidades de continuidade de coidados.
- d) O protocolo que deben empregar as residencias de maiores para o internamento de persoas con sospeita de capacidade xurídica alterada.

88- Cal das seguintes non é unha sinal de alarma que faga pensar na necesidade de solicitar intervención xudicial para alterar a capacidade xurídica de unha persoa:

- a) **Discapacidade recoñecida con necesidade de axuda de terceira persoa ou dependencia recoñecida de grao III.**
- b) Compras e vendas de bens mobles e inmobles, sen xustificar e non axustadas á situación e/ou benestar.
- c) Falta total ou parcial de conciencia de enfermidade, que supoña un risco para si mesma ou terceiras persoas.
- d) Toma de decisións, sobre a base das opinións de recentes amizades ou outro tipo de relacións, na que se observan cambios de opinión. Condicionamento das decisións á opinión de terceiras persoas, mesmo sendo estas contrarias á propia vontade manifesta.

89- Forman parte dos dispositivos de terceiro nivel de atención a condutas aditivas:

- a) **As unidades de día.**
- b) Os programas de incorporación social de apoio ao tratamento e reinserción de pacientes estabilizados.
- c) Os servizos sociais.
- d) Só se distingue entre recursos de primeiro e segundo nivel.

90- En relación ás unidades de condutas aditivas, indica a resposta correcta:

- a) Deben ser derivadas dende os servizos de atención primaria de saúde en calquera caso.
- b) Son unidades dependentes das unidades de saúde mental.

c) Os servizos sociais constitúen un dos dispositivos de derivación.

d) A finalización do circuío asistencial non implica coordinación cos servizos sociais nin coa atención primaria de saúde.

91- Datos dispoñibles para Galicia, recollidos na Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, sobre a poboación xitana caracterizan a súa situación conforme ao seguinte:

a) Principalmente realiza traballos dentro do sector primario.

b) Non avanza na escolarización.

c) Mellora no acceso a titulacións académicas.

d) Mantén cotas de benestar inferiores ao resto da poboación xitana en España.

92- A que colectivo vulnerable vai dirixida a liña de financiamento habilitada pola Xunta de Galicia a través da Orde da Consellería de Política Social do 6 de agosto de 2019 para concesión de subvencións a corporacións locais no período 2019-2021 para programas de emerxencia social e inclusión social?:

a) Poboación xitana.

b) Poboación inmigrante.

c) Persoas sen fogar.

d) Todas as respostas son correctas.

93- Indica a resposta correcta en relación ao Programa Reconduce:

a) Só atende situacións de familias en risco de desafiuzamento pola imposibilidade do pagamento das cotas hipotecarias.

b) Atende familias en risco de desafiuzamento pola imposibilidade do pagamento da renda do alugueiro.

c) É un servizo prestado polo IGVS.

d) Conta con unha liña propia de axudas para facer fronte ás circunstancias das familias atendidas.

94- Quen ten dereito ao bono social térmico?

a) Quen conte cuns ingresos inferiores ao IPREM.

b) As persoas beneficiarias do bono social eléctrico.

- c) As persoas beneficiarias das axudas urxentes de tipo social para evitar os cortes de subministración eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión.
- d) Todos son requisitos para ser considerada persoa beneficiaria destas axudas.

95- O Programa de Vivendas Baleiras:

- a) Substitúe ao Programa de Realoxo de Execucións Hipotecarias.
- b) Nútrese principalmente de vivendas de promoción pública non ocupadas.
- c) Crea un censo de vivendas desocupadas pertencentes a entidades de crédito, filiais inmobiliarias e de entidades de xestión de activos.**
- d) Todas as respostas son correctas.

96- Non é un dereito das persoas destinatarias da acción voluntaria:

- a) Non lles ofrecer ás persoas voluntarias ou ás entidades contraprestación pola acción voluntaria levada a cabo.**
- b) A que se garanta a súa dignidade e intimidade persoal e familiar así como a protección dos datos de carácter persoal na execución dos programas de acción voluntaria.
- c) A colaboraren na avaliación da acción voluntaria a elas dirixida.
- d) A recibiren información sobre os programas ou os proxectos e sobre as actuacións das que sexan destinatarias, tanto con carácter previo ao seu inicio coma durante a súa execución.

97- O Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia organízase en tres categorías xerais de entidades de acción voluntaria:

- a) Entidades sociais, entidades privadas e administracións públicas.
- b) Dependentes da administración autonómica, dependentes de entidades locais e dependentes de entidades privadas sen ánimo de lucro.**
- c) Entidades de acción social, de acción cultural e de acción ambiental.
- d) Entidades de acción sanitaria, de cooperación ao desenvolvemento e de protección civil.

98- No caso do Concello de Teo, que límite de idade se establece no seu Regulamento interno de acción voluntaria:

- a) Non se establece límite de idade.
- b) A partir dos 16 anos e non máis alá dos 90 anos.
- c) A partir dos 14 anos.**
- d) A partir do 18 anos.

99- O rexistro dunha intervención en SIUSS implica fixar:

- a) Ao menos unha persoa usuaria, unha valoración, unha demanda, un recurso idóneo e un recurso aplicado.**
- b) Ao menos unha demanda e un recurso entre catro grupos posibles.
- c) Ao menos unha valoración e un recurso entre cinco grupos posibles.
- d) Ao menos unha valoración entre cinco grupos posibles e un recurso entre catro grupos posibles.

100- Indica a resposta incorrecta relativa á historia social única electrónica:

- a) Vincúlase con unha única persoa, un único catálogo de entidades e un único catálogo servizos.
- b) A súa apertura é elaboración corresponderá á persoa profesional de referencia nos servizos sociais comunitarios.**
- c) A administración autonómica a través da consellería competente en materia de servizos sociais é responsable da súa custodia.
- d) O sistema da HSUE rexistrará cada acceso e a información correspondente á persoa profesional que accede a ela.

PREGUNTAS DE RESERVA:

1- Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, o vencemento do prazo máximo sen terse notificado resolución expresa:

- a) Lexitima sempre aos interesados a entendela estimada por silencio.
- b) Produce a prescrición do procedemento.

c) O sentido do silencio será desestimatorio nos procedementos de responsabilidade patrimonial.

d) O sentido do silencio será sempre, sen excepcións, estimatorio.

2 - As ordenanzas municipais, para a súa efectividade, deberán publicarse no:

a) Boletín oficial da provincia e no diario oficial da Comunidade Autónoma.

b) Boletín oficial da provincia.

c) Boletín oficial do Estado.

d) Diario oficial da Comunidade Autónoma.

3- O sistema galego de servizos sociais está integrado por:

a) O conxunto de servizos de titularidade pública acreditados pola administración nos termos establecidos na lei de servizos sociais.

b) O conxunto de servizos, programas e prestacións de titularidade pública acreditados pola administración nos termos establecidos na lei de servizos sociais.

c) O conxunto de servizos, programas e prestacións, tanto de titularidade pública coma de titularidade privada, acreditados e concertados pola administración nos termos establecidos na lei de servizos sociais.

d) O conxunto de servizos, programas, prestacións e axudas económicas, de titularidade pública, privada e de iniciativa social, acreditados pola administración nos termos establecidos na lei de servizos sociais.

4- Ás axudas de inclusión social destinadas á atención sanitaria e sociosanitaria non cubertas polos sistemas públicos de saúde e servizos sociais:

a) Pódese acceder a varias axudas desta categoría dentro do mesmo ano se son por conceptos distintos .

b) Só se poderá acceder a unha axuda por cada un dos conceptos descritos cada ano.

c) Só se poderá acceder unha axuda deste tipo cada ano.

d) Só se poderá acceder a unha axuda deste tipo cada dous anos.

5- As persoas beneficiarias do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia participarán no financiamento das prestacións que reciban, segundo:

- a) Tipo de servizo.
- b) Custo do servizo.
- c) Capacidade económica persoal.
- d) Todas son correctas.**